

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 21 DE XUÑO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se modifica o Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Turismo e a Asociación Galega de Propiedade Balnearia, para a difusión do termalismo en mercados de proximidade e internacionais e o fomento da investigación e coñecemento da hidroterapia termal como remedio médico-terapéutico. Importe total: noventa e catro mil euros (94.000,00 euros).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Salceda de Caselas, para a execución da obra de saneamento de Santo Estevo de Budiño. Salceda de Caselas–O Porriño (Pontevedra), polo importe dun millón cincocentos vinte e un mil trescentos vinte e un euros con corenta céntimos (1.521.321,40 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Economía e Industria a eximir da obriga de constituír garantías, correspondentes á Orde de 2012 pola que se

establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro, en réxime de concorrencia competitiva, para o fomento do sector mineiro galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Cangas, para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros de ensino público non universitario do concello, polo importe máximo de doce mil euros (12.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Ferrol, para a xestión do servizo de comedor escolar en oito centros de ensino público non universitario do concello, polo importe máximo de sesenta e cinco mil euros (65.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Ames, para a xestión do servizo de comedor escolar en cinco centros de ensino público non universitario do concello, polo importe máximo de sesenta mil euros (60.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Muíños, para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro de ensino público non universitario do concello, polo importe máximo de dezaioito mil cento sete euros con dez céntimos (18.107,10 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Mugardos, para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro de ensino público non universitario do concello, polo importe máximo de cinco mil euros (5.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación en 17 lotes, polo procedemento aberto multicriterio e tramitación urxente, da xestión de 60 comedores escolares da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria durante o curso 2012/2013, polo importe de catro millóns cincocentos oitenta mil setecentos vinte e un euros (4.580.721,00 euros).

- Acordo polo que se aproba o Plan Estratéxico do Gaiás-Cidade da Cultura de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de axentes antineoplásicos para os centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde, (MI-SER1-12-031), por un importe de dous millóns novecientos corenta e dous mil novecientos oitenta e nove euros con vinte e sete céntimos (2.942.989,27 euros), e un valor estimado de seis millóns setecentos noventa e un mil cincocentos trece euros con cincuenta e catro céntimos (6.791.513,54 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto liña de media tensión, centro de transformación e rede de baixa tensión (LMT, CT e RBT) Vesarredonda sobre a que cualifica o monte veciñal en man común de Vesarredonda, pertencente á comunidade de montes veciñais en man común de Vesarredonda, no concello de Quiroga, Lugo, promovido por Unión Fenosa Distribución e cunha superficie total de afección ao monte veciñal en man común de 0,4194 ha.
- Acordo polo que se aproba a actualización do Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA).

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe polo que se dá conta da Orde pola que se aproban as normas e modelos de transferencia de documentación xudicial e se determina o inicio das actividades dos arquivos xudiciais territoriais e da Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial de Galicia.
- Informe sobre o Plan Inspección Verán 2012.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o proxecto industrial estratéxico da mina de ouro de Corcoesto.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a adxudicación do contrato de execución do plan de eficiencia enerxética do CHUS.

A XUNTA MODIFICA O REGULAMENTO DE ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA PARA ACADAR UNHA MELLOR COORDINACIÓN E EFICIENCIA NO SERVIZO

- *O obxectivo é modernizar e axilizar o aboamento, xestión, supervisión e control dos fondos públicos, a través da aplicación das novas técnicas e medios electrónicos e telemáticos*
- *Estímase que as medidas levadas a cabo entre todos os axentes implicados para mellorar o servizo producirán un aforro de 1,9 millóns de euros en 2012*

O Consello da Xunta deu o visto e prace ao decreto que modifica o regulamento de asistencia xurídica gratuíta en Galicia, co que se pretende acadar unha mellor coordinación e eficiencia no funcionamento das sete comisións de AXG galegas, buscando a axilidade na tramitación das certificacións e dos pagamentos que realiza a Administración autonómica.

O obxectivo que se persegue con esta modificación é modernizar e axilizar o aboamento, xestión, supervisión e control dos fondos públicos, a través da aplicación das novas técnicas e medios electrónicos e telemáticos, o que redundará nun mellor servizo á cidadanía galega.

En liñas xerais, o articulado que se modifica persegue garantir que na xestión procedemental da quenda de oficio en Galicia sexan as comisións de asistencia xurídica gratuíta as que, en primeiro lugar, resolvan sobre a concesión ou non do dereito ao solicitante. Unha vez concedido ou non, serán os colexios profesionais os que deben certificar estes expedientes aprobados para proceder ao aboamento dos fondos públicos, adecuando o regulamento á literalidade da lexislación básica estatal recollida na Lei de asistencia xurídica gratuíta.

Así mesmo, no novo regulamento recóllese a referencia expresa ao carácter bruto dos ingresos computables de cara ao dito recoñecemento, así como unha modificación da mención que o regulamento realizaba ao salario mínimo interprofesional pola do indicador público de renda de efectos múltiples (Iprem).

Finalmente, na norma prevese, entre outras, a adecuación da certificación e xustificación que os colexios profesionais deben presentar para os efectos de aboamento das compensacións económicas correspondentes, as novas tecnoloxías e medios electrónicos e telemáticos.

Compromiso coa quenda de oficio

O Goberno galego atópase plenamente comprometido coa asistencia xurídica gratuíta a todos os cidadáns que a precisen e coas compensacións que se ofrecen aos avogados e procuradores que prestan o seu servizo na quenda de oficio, fundamental para garantir a igualdade de condicións de todos os cidadáns no acceso á Xustiza. Por iso, desde o ano

2009, acadáronse diversos obxectivos de mellora neste servizo, dos que a actual modificación regulamentaria é o seu colofón.

Así, o pasado mes e abril entrou en vigor a orde que modificaba o anterior modelo de solicitude de recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta, co obxectivo de mellorar a prestación do servizo. O novo modelo incorpora a autorización do peticionario para que os colexios de avogados e as comisións de asistencia xurídica gratuíta poidan consultar as bases de datos da Axencia Tributaria da Seguridade Social e do Catastro, e prevé o acceso ao DNI, por ser unha consulta obrigada ao ter esa información a propia Administración autonómica.

Así mesmo, a nova solicitude habilita un espazo para a sinatura dos representantes legais, no caso de que a quenda de oficio afecte menores de idade, e introduce unha epígrafe que deben cubrir as Forzas e Corpos de Seguridade onde se lle preste atención ao detido.

Froito dese compromiso e da colaboración entre todos os axentes implicados para a implantación dunha serie de medidas de mellora dos sistema de xestión, estimase que en 2012 se producirá un aforro de arredor de 1,9 millóns de euros, é dicir, o 16 por cento dos gastos relativos á asistencia xurídica gratuíta de 2011. Trátase non só dun aforro económico, senón dunha mellora fundamental para o servizo, garantindo que se beneficien del só as persoas que realmente o necesitan.

A XUNTA DÁ UN NOVO PASO NO DESENVOLVEMENTO DA LEI DE AUGAS CUN REGULAMENTO QUE GARANTIRÁ A EFICIENCIA NA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN POR PARTE DOS CONCELLOS

- *Establece uns criterios homoxéneos na prestación do servizo de saneamento por parte das entidades locais, e no prazo dun ano deberán adaptar as súas ordenanzas de prestación de servizo a este regulamento marco*
- *Mentres non adapten a súa regulación, os concellos poderán aplicar o regulamento marco de modo subsidiario, polo que xa poderán sancionar verteduras indebidas ás redes de saneamento con base no decreto hoxe aprobado*
- *A Lei de augas é unha ferramenta legislativa que se pon á disposición da planificación hidrolóxica para conseguir un bo estado das augas.*
- *No regulamento aprobado hoxe, establécese o procedemento que se debe seguir en situacións de emerxencia, como pode ser o caso de verteduras accidentais, de modo que se minimicen os danos ao medio natural e ás instalacións de saneamento e depuración*

O Executivo autonómico dá un novo paso no desenvolvemento da Lei de augas, aprobando o regulamento que garantirá a eficiencia na prestación dos servizos de saneamento e depuración por parte dos concellos. Este paso é o terceiro que dá o Consello da Xunta en canto á posta en marcha desta lei, para establecer uns criterios homoxéneos na prestación do servizo de saneamento por parte dos concellos, e, ademais, comprométeos a que no prazo dun ano deberán adaptar as súas ordenanzas de prestación do servizo a este regulamento marco. Mentres non o adaptan á súa regulación, os concellos poderán aplicar o regulamento marco de modo subsidiario, polo que xa poderán sancionar verteduras indebidas ás redes de saneamento con base no decreto hoxe aprobado.

Bases do novo regulamento

A Lei de augas é unha ferramenta legislativa que se pon á disposición da planificación hidrolóxica para a consecución do seu principal obxectivo, que non é outro que conseguir un bo estado das augas. A forza desta lei visualízase, en boa medida, nos seus regulamentos de desenvolvemento, dos que dous deles xa foron probados, o Estatuto de augas de Galicia e o regulamento do canon da auga. Neste caso o terceiro regulamento céntrase na prestación dos servizos de saneamento e depuración.

O regulamento aprobado hoxe percorre distintos aspectos da xestión das redes de saneamento e das verteduras a estas, entre os que destacan:

- O establecemento dunhas condicións mínimas que deberán cumprir as acometidas das redes de saneamento, e que deberán ser exixidas polas entidades xestoras do saneamento. Elementos coma un sifón, ou unha arqueta de rexistro para o caso das industrias, serán de obrigada instalación.

- Para as verteduras non domésticas (industriais) establécese a figura do 'permiso de vertedura', que deberá ser outorgado pola entidade xestora como requirimento para realizar verteduras á rede pública de saneamento. Neste documento estableceranse os parámetros máximos da vertedura, así como o volume máximo que se poderá verter; en caso de que non se acaden eses límites, o usuario estará obrigado a depurar a súa auga residual ata chegar a eles.
- A regulación das verteduras non canalizadas, por exemplo, de foxas sépticas, só poderá realizarse se a instalación de depuración que realice o seu tratamento o permite.
- Determínase que é responsabilidade da entidade xestora dos servizos públicos de saneamento e depuración a conservación das instalacións en bo estado de funcionamento, así como de que realicen o seu labor con eficacia. Deberanse manter os colectores en axeitado estado de limpeza, así como as conexións, puntos de incidencia no medio como aliviadoiros, etc.
- Establécese o procedemento que se seguirá en situacións de emerxencia, como pode ser o caso de verteduras accidentais, de modo que se minimicen os danos ao medio natural e ás instalacións de saneamento e depuración. Os custos derivados destes acontecementos deberán ser aboados polo usuario causante.
- Outórganselles ás entidades xestoras dos servizos públicos as facultades de inspección dos sistemas públicos de saneamento e depuración, e Augas de Galicia é a encargada da supervisión xeral. O regulamento determina os dereitos e deberes do persoal inspector, de modo que teña a autoridade necesaria para realizar o seu traballo, e evitar os posibles abusos deste dereito.
- Con obxecto de garantir a eficacia do regulamento, as entidades locais deberán aprobar ou, se é o caso, adaptar as súas ordenanzas e regulamentos ao establecido neste regulamento. En canto non suceda, este terá carácter supletorio, polo que desde o mesmo momento en que entre en vigor xa será unha ferramenta útil e efectiva. En concreto, será aplicable o réxime sancionador previsto na Lei de augas de Galicia, que xa prevé infraccións por verteduras ás redes públicas de saneamento que causen danos ás infraestruturas hidráulicas ou ben ao medio receptor.

Traballo en saneamento e depuración

En pouco tempo estaranse a explotar en Galicia arredor de 160 estacións de depuración de augas residuais urbanas cunha capacidade de tratamento maior de 2.000 habitantes equivalentes, e outras moitas de menor capacidade. A construción destas infraestruturas e as súas redes de colectores supuxo un importantísimo esforzo das

administracións, e moitos fondos procedentes da Unión Europea foron empregados para este fin xa que se partía dunha situación cun evidente déficit estrutural.

Tras a posta en marcha destas construcións o reto a que trata de responder este regulamento é o de conseguir a máxima eficacia, o que depende do bo facer nos labores propios de funcionamento das instalacións, pero tamén de que a rede de sumidoiros transporte a carga contaminante cara a elas, e de que non haxa achegas contaminantes tóxicas para a estación depuradora de augas residuais (EDAR).

Dado que a competencia na xestión das redes de sumidoiros é das entidades locais, son as ordenanzas as que aseguran unhas boas condicións da rede de saneamento e a eficacia nos procesos de depuración. Pero non todos os concellos teñen implantada unha norma deste tipo, polo que non se regulan as verteduras aos sumidoiros, nin existe instrumento para sancionar as condutas negligentes. O réxime sancionador da Lei de augas de Galicia xa tipifica como infraccións as verteduras ás redes públicas de saneamento que causen danos ás infraestruturas hidráulicas ou ben ao medio receptor. Dado que o regulamento ten carácter supletorio á normativa local, os concellos contarán no momento da súa aprobación cunha poderosa ferramenta para o control das súas redes de saneamento.

En conclusión, agárdase reducir as verteduras que se producen por fallos nas redes de saneamento:

- Establécense mínimos para asegurar a boa xestión das redes de saneamento
- Protéxense os sistemas de saneamento e depuración de verteduras industriais que os poñan en risco.

Desde que este Goberno puxo en marcha a nova Lei de augas producíronse melloras importantes, posto que se trata da primeira norma xurídica a nivel de toda a comunidade autónoma que regula como as instalacións de saneamento e depuración debe funcionar de modo eficaz; outorga ás entidades locais unha poderosa ferramenta para a inspección e control das verteduras que se producen ás redes de saneamento; e a súa aplicación determina unhas condicións mínimas que deben respectar as ordenanzas das entidades locais, e terá carácter supletorio en canto non aproben a súa propia norma. O réxime sancionador da Lei de augas poderá ser aplicado ás verteduras ás redes de saneamento que causen danos ao medio ou ás infraestruturas hidráulicas.

Este decreto será de aplicación aos 20 días da súa publicación no DOG. A partir de aí as entidades locais terán un período dun ano para adaptar as súas ordenanzas, se é que non contan con elas.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O TURISMO E A ASOCIACIÓN GALEGA DA PROPIEDAD BALNEARIA PARA A DIFUSIÓN DO TERMALISMO EN MERCADOS DE PROXIMIDADE E INTERNACIONAIS

- *Entre os obxectos do acordo figura tamén o fomento da investigación e do coñecemento sobre a hidroterapia termal como remedio médico-terapéutico*
- *O importe do convenio é de 94.000 euros en dúas anualidades. O financiamento pola Secretaría Xeral para o Turismo corresponde ao 84,04% do total do orzamento arriba reflectido. A desagregación por anualidades deste financiamento é o 41,49% para o ano 2012 e o 42,55% para o ano 2013*

O Consello da Xunta informou hoxe sobre a subscrición dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Turismo da Xunta de Galicia e mais a Asociación Galega da Propiedade Balnearia para a difusión do termalismo en mercados de proximidade e internacionais, e o fomento da investigación e coñecemento da hidroterapia termal como remedio médico-terapéutico.

O acordo contará cun importe global de 94.000 euros divididos en dúas anualidades. O financiamento da Secretaría Xeral para o Turismo ascende ao 84,4% do total e a desagregación por anualidade é do 41,49% para 2012 e do 42,55% para 2013. Da parte da Asociación Galega da Propiedade Balnearia participan no acordo unha vintena de balnearios asociados: o de Carballo e o de Compostela, na provincia da Coruña; o de Brea, Cuntis, Mondariz, Caldelas de Tui, A Toxa (Gran Hotel e *Isla de La Toja*), Acuña e Dábila, en Pontevedra; o de Lugo, Río Pambre, Guitiriz e Augas Santas; en Lugo; e os da Arnoia, Baños de Molgas, Caldas de Partovia, O Carballiño, Liais e Lobios, na provincia de Ourense.

O convenio establece as condicións para a colaboración técnica e económica entre as partes para a realización das actuacións necesarias para a execución do proxecto de difusión do termalismo en mercados de proximidade e internacionais, e o fomento da investigación e coñecemento da hidroterapia termal como remedio médico-terapéutico.

No marco da Cátedra de Hidroloxía Médica, na anualidade 2012, a Asociación Galega da Propiedade Balnearia comprométese a realizar cursos, seminarios, conferencias e actividades académicas que redunden na difusión, coñecemento e práctica da hidroloxía médica. Así mesmo, Balnegal comprométese a promocionar e organizar actividades académicas que contribúan a facilitar a reflexión e o debate médico entre profesores e médicos de balnearios, co fin de conseguir o seu mutuo enriquecemento intelectual e a mellora da súa formación médica e universitaria, así como a dos alumnos da Facultade de Medicina.

Establecerase colaboración con profesores e departamentos da Universidade de Santiago de Compostela en todo o que favoreza a formación integral dos alumnos, promoverase a investigación no campo da Hidroloxía Médica e creárase e manterase un fondo bibliográfico e documental sobre as materias específicas da hidroloxía médica e as disciplinas con ela relacionadas.

O acordo implica que a Asociación Galega da Propiedade Balnearia facilite a inserción profesional dos estudantes da USC, participando, se é o caso, nas actividades realizadas pola Cátedra; así como que procure que a Hidroloxía Médica se vincule cada vez máis estreitamente coa formación das promocións de médicos formadas na Universidade de Santiago de Compostela, así como que se favoreza a colaboración entre a USC e o sector profesional sanitario. Tamén se inclúe no convenio unha presentación dos balnearios de Galicia na Coruña.

Xa na anualidade 2013 e no marco tamén da Cátedra de Hidroloxía Médica, Balnegal realizará cursos, seminarios, conferencias e actividades neste eido e promoverá a investigación e a colaboración entre a universidade e o sector profesional sanitario. Ademais, nesta anualidade Balnegal comprométese a realizar unha viaxe de familiarización para prescrites británicos e outra para prescrites de asociacións europeas de persoas maiores.

O convenio estará en vigor ata o 30 de decembro de 2013.

A política termal da Secretaría Xeral para o Turismo en materia de innovación comprende actuacións relativas ao sector empresarial, á lexislación, á formación e á calidade. No tocante ao sector empresarial, a Secretaría Xeral para o Turismo impulsou a creación da Agrupación Empresarial Innovadora Termal de Galicia –AEITEGAL– constituída en 2010 coa finalidade de contribuír á mellora das actividades termais e de integrar o sector público e privado: balnearios, talasos, envasadoras de augas minerais naturais, comercializadores turísticos, consultorías e laboratorios.

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 1,5 MILLÓNS DE EUROS NA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE SANEAMENTO EN SANTO ESTEVO DE BUDIÑO, NO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS, QUE SE CONECTARÁN COA EDAR DE GUILLAREI

- *A Consellería de Medio Ambiente, a través de Augas de Galicia, financia o 100% destes traballos necesarios para optimizar o servizo de saneamento deste concello pontevedrés*
- *Instalaranse colectores que permitirán recoller as verteduras de vivendas e naves industriais e conectalas ao interceptor xeral do río Louro, no tramo que vai desde Cerquido ata a estación depuradora de Guillarei*
- *As zonas que se conectarán son a parroquia de Santo Estevo de Budiño, en Salceda de Caselas, e un núcleo de poboación e unhas naves situadas nas inmediacións da estrada N-550, no concello do Porriño*
- *En total instalaranse 6,6 quilómetros de novos colectores, dos que 2,8 quilómetros corresponden ao colector xeral e o resto a colectores secundarios*
- *A Xunta xa leva investidos 11 millóns de euros en obras de saneamento para completar o sistema do río Louro, aos que hai que engadir 1,7 millóns ao ano para a explotación da EDAR de Guillarei*

O Consello da Xunta de hoxe autorizou a colaboración técnica e financeira entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Salceda de Caselas para a execución das obras de saneamento na parroquia de Santo Estevo de Budiño.

A Xunta, a través de Augas de Galicia, executa este proxecto hidráulico cuxo orzamento ascende a máis de 1,5 millóns de euros. Deste xeito, o Goberno galego financia o 100% destes traballos necesarios para optimizar o servizo de saneamento desta zona pontevedresa.

Estas actuacións centraranse na instalación dunha rede de colectores xerais que permitan dar servizo ás vivendas desas zonas. Estes colectores permitirán recoller as verteduras de vivendas e naves industriais e conectalas ao interceptor xeral do río Louro, no tramo que vai desde Cerquido ata a estación depuradora de Guillarei.

A rede de colectores consta dun colector principal dividido en tres tramos e varios depósitos secundarios. As zonas que se van conectar son a parroquia de Santo Estevo de Budiño, en Salceda de Caselas, e un núcleo de poboación e unhas naves industriais situadas nas inmediacións da estrada N-550, no concello do Porriño.

En total instalaranse 6,6 quilómetros de novos colectores, dos que 2,8 quilómetros corresponden ao colector xeral e o resto a colectores secundarios.

O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante a colaboración neste tipo de actuacións, pretende resolver carencias en infraestruturas, neste caso hidráulicas, para os concellos galegos. Así, proporciónase unha mellor calidade de vida aos cidadáns, fomentando ao mesmo tempo o desenvolvemento económico e social dos municipios da comunidade.

Sistema do río Louro

Hai que sinalar que a Xunta de Galicia subvenciona ao 100 % a explotación da EDAR de Guillarei, o que supón un custo de 1,7 millóns de euros ao ano. As obras de interese xeral de saneamento do Louro supuxeron un investimento de 93.911.943 €, dos que a Xunta de Galicia achegou 4.093.979,28 euros.

Posteriormente, foi necesario executar obras de colectores secundarios, xa a cargo da Xunta de Galicia. Incluindo as que está a executar hoxe en día Augas de Galicia, a Xunta xa leva investidos 10.909.365,19 euros en obras de saneamento, que se seguirán completando ata acadar o saneamento integral da bacía, e aos que hai que engadir o investimento en Salceda de Caselas.

A XUNTA IMPULSA A MELLORA TECNOLÓXICA E A SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL E ECONÓMICA DA MINERÍA GALEGA CUNHA NOVA LIÑA DE APOIO ÁS ASOCIACIÓNS DOTADA CON 800.000 EUROS

- *O Consello da Xunta autorizou á Consellería de Economía e Industria a convocatoria das axudas para as entidades sen ánimo de lucro do sector mineiro*
- *Economía e Industria aposta polo desenvolvemento dunha minería galega competitiva, orientada a xerar emprego e riqueza*
- *Os apoios poderán chegar ao 80% das iniciativas subvencionables, e as asociacións e clústers dos sector terán a oportunidade de obter anticipos do pagamento de ata o 25%*

O Goberno galego aposta polo desenvolvemento dunha minería que sexa competitiva e favoreza a xeración de riqueza e emprego na Comunidade Autónoma. Ao abeiro desta estratexia, o Consello da Xunta aprobou a nova liña de axudas da Consellería de Economía e Industria destinada a apoiar as asociacións sen ánimo de lucro que traballan a prol da mellora tecnolóxica e a sustentabilidade económica e ambiental da minería.

A Consellería de Economía e Industria favorece a posta en valor dos importantes recursos minerais con que conta Galicia e deste xeito contribúe á creación de emprego e á atracción de investimentos, nunha actividade que emprega de forma directa preto de 8.500 persoas na Comunidade.

Ao abeiro desta nova liña de axudas, dotada con 800.000 euros, apoiaranse por medio dun concurso público as entidades sen ánimo de lucro do sector mineiro galego, orientadas a fomentar a planificación, innovación, protección ambiental e seguridade neste sector. As axudas poderán chegar ao 80% das iniciativas subvencionables, e as asociacións terán a oportunidade de obter anticipos do pagamento de ata o 25%.

Esta liña desenvolverase ao abeiro da estratexia a prol da minería na que traballa o Goberno galego desde o comezo da lexislatura. Neste sentido, cómpre lembrar que a Consellería que dirixe Javier Guerra impulsa a mellora competitiva e a innovación no sector, incentivando e facilitando a investigación; colaborando coas asociacións e clústers empresariais, e favorecendo o labor os centros tecnolóxicos da lousa e do granito, que realizan unha importante actividade en I + D + i.

Ademais, neste eido tamén se avanzou na ordenación e planificación dos dereitos mineiros, arredor de 1.200 en vigor, así como na posta en marcha do Censo Catastral Mineiro, unha ferramenta Tic, que mostra dun xeito rápido e sinxelo a situación xeográfica e administrativa dos dereitos mineiros existentes en Galicia.

CULTURA E EDUCACIÓN PORÁ A DISPOSICIÓN DE MÁIS DE 8.600 USUARIOS O SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR A TRAVÉS DA XESTIÓN INDIRECTA E OS CONVENIOS CON CONCELLOS

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de acordos de colaboración con Ferrol, Muíños, Mugardos, Ames e Cangas para a prestación deste servizo*
- *Ademais deuse o visto e praxe á contratación do servizo en 60 comedores escolares de xestión indirecta*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asinará convenios de colaboración cos concellos de Ferrol, Mugardos, Muíños, Ames e Cangas do Morrazo para a subvención do servizo de comedor escolar en 79 centros educativos, grazas ao que se facilitará a 8.624 usuarios acceder a este servizo complementario.

Deste xeito, e despois de que algunhas asociacións de nais e pais decidiran deixar de xestionar comedores, a Consellería pon de manifesto o seu compromiso co mantemento deste servizo complementario educativo, de fundamental importancia para a conciliación da vida familiar e laboral. Ademais, a vindeira semana ten previsto presentar diante do Consello da Xunta os convenios cos concellos de Santiago de Compostela e Narón.

Así, apoiarase o Concello de Ferrol na xestión dos comedores do CPI Almirante Juan de Lángara y Huarte e dos CEIP Cruceiro de Canido, Recimil, Isaac Peral, Manuel Masdías, San Xoán de Filgueira, Esteiro e Pazos. Ademais beneficianse destes acordos os usuarios dos comedores do CEIP Unión Mugardesa, en Mugardos; e do CEIP Valle Inclán, en Muíños. Este é o segundo curso consecutivo en que se asinan convenios con estes entes locais con esta finalidade.

Ademais, o departamento educativo da Xunta de Galicia asinará por primeira vez para o curso 2012/2013 convenios de colaboración cos concellos de Ames e Cangas, co que se facilitará a prestación do servizo de comedor escolar nos CEIP amienses A Maía, Agro do Muíño, de Barouta e de Ventín; e nos cangueses do Hío, A Rúa, Espiñeira-Aldán e de Cangas.

En total, a Consellería destinará máis de 160.000 euros ao financiamento destes convenios, cos que se beneficia a 1.601 usuarios. Ao abeiro destes acordos de colaboración, a Consellería subvencionará os menús dos comensais durante todo o curso escolar. Pola súa banda, os concellos comprométense á elaboración dos menús escolares, a repartición e recolla deles nas mesas do comedor; así como ao coidado e asistencia do alumnado durante as comidas.

Xestión indirecta

Por outra banda o Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á contratación do servizo de comedores en 60 centros educativos o vindeiro curso a través da xestión indirecta, por empresas de catering, baixo os máximos estándares de calidade.

Para este fin achegaranse máis de 4.580.000 euros, que permitirán utilizar este servizo a 7.023 usuarios de 60 comedores, e que suporán servir máis de 1.085.000 menús. Como vén sendo habitual, as empresas que concursan para seren contratadas deberán cumprir co compromiso de fomento da dieta e os hábitos saudables entre a poboación escolar que xa presenta a Consellería nos comedores que xestiona de forma directa. Ademais, programaranse actividades de promoción da saúde, hábitos alimenticios e habilidades persoais.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O 'PLAN EXTRATÉXICO DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA 2012-2018'

- *O Plan Gaiás será presentado mañá por Xesús Vázquez Abad nun acto na Cidade da Cultura. Así mesmo, o conselleiro acudirá o vindeiro martes 26 ao Parlamento de Galicia para explicar na Cámara todos os detalles do plan*
- *O documento aprobado hoxe propón que a Cidade da Cultura xere actividade económica e emprego a través do desenvolvemento da industria cultural e creativa galega*

O Consello da Xunta aprobou o Plan Estratéxico da Cidade da Cultura para o período 2012-2018, un documento que será a folla de ruta desta infraestrutura para os próximos anos, dando as claves para rendibilizar os catro edificios xa rematados e para que o Gaiás sexa unha plataforma de creación e proxección exterior da cultura galega.

O Plan Gaiás é o froito dun longo proceso de reflexión estratéxica, onde se condensa o proxecto para o que foi concibida a Cidade da Cultura ao tempo que se adapta ás necesidades e a situación actual. Deste xeito, buscarase que a través da eficiencia, a austeridade e a sustentabilidade dinamizar o tecido produtivo das nosas industrias culturais.

O documento presentado hoxe propón un proxecto articulado arredor dos catro edificios xa rematados e que se complementan entre si. Dous edificios estarán á disposición do tecido socioeconómico de Galicia e os outros dous enfocados a traballar pola difusión da cultura de base galega.

O Plan Gaiás será presentado mañá venres 22 de xuño polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Xesús Vázquez Abad, nun acto na Cidade da Cultura de Galicia. Así mesmo, o conselleiro acudirá por petición propia o vindeiro martes 26 de xuño ao Parlamento de Galicia para explicar na Cámara todos os detalles do plan e entregará unha copia del a todos os grupos parlamentarios.

SANIDADE AFORRA MÁIS DE DOUS MILLÓNS DE EUROS NA CONTRATACIÓN PARA OS VINDEIROS DOUS ANOS DE FÁRMACOS ANTITUMORAIS PARA OS CENTROS SANITARIOS DO SERGAS

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe aprobou un proxecto de acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de axentes antineoplásicos para os centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde.

Grazas ao procedemento de compra agregada, mediante acordos marco de subministración sucesiva, o departamento que dirixe Rocío Mosquera Álvarez vai conseguir un aforro na compra destes fármacos antitumorais de máis de dous millóns cen mil euros nos vindeiros dous anos, respecto ao gasto nestes medicamentos en 2011, o que posibilitará contribuír á sustentabilidade do sistema sanitario público da nosa comunidade.

Este procedemento de compra permite definir unha relación exhaustiva de todas as características técnicas exixibles aos produtos e aplicalas de forma común e homoxénea a toda a rede asistencial hospitalaria.

O orzamento do gasto que agora se aproba é de 2.942.989,27 euros para un período de 24 meses.

A XUNTA APROBA A PREVALENCIA DA UTILIDADE PÚBLICA DO PROXECTO DUNHA INSTALACIÓN ELÉCTRICA SOBRE TERREOS DUN MONTE VECIÑAL EN QUIROGA

- *O acordo do Consello comprende unha superficie de 0,41 hectáreas do monte veciñal Vesarredonda*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto de liña de media tensión, centro de transformación e rede de baixa tensión (LMT, CT e RBT) Vesarredonda sobre a que cualifica ao monte veciñal en man común Vesarredonda, pertencente á comunidade homónima e sita no concello lugués de Quiroga.

Trátase dun proxecto que permitirá mellorar a subministración eléctrica no contorno deste concello lugués, afectando a unha superficie total de 0,41 hectáreas.

Tras a autorización do proxecto por parte da Consellería de Economía e Industria, o Servizo de Montes da provincia de Lugo remitiu informe favorable, tendo en conta o servizo público que se vai facer con esta instalación e sen que consten no expediente alegacións por parte da comunidade de Vesarredonda.

En aplicación do artigo 6 do regulamento da lei de montes veciñais en man común acordouse declarar a prevalencia da utilidade pública deste proxecto, tendo en conta o servizo que se vai prestar.

O CONSELLO APROBA O PLAN DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE GALICIA, PLADIGA 2012

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o *Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia* (Pladiga 2012), unha vez oído o Consello Forestal, consonte co que establece a normativa vixente. Este documento de planificación apróbase todos os anos antes da tempada de maior risco de incendios (entre o 1 de xullo e o 30 de setembro). O Plan de 2012 presenta unha continuidade en relación coas últimas campañas anti-incendios ao blindar a presenza de efectivos humanos nos labores en liñas moi semellantes aos anos anteriores.

Entre as principais novidades este ano destaca a creación de 936 novas prazas de persoal fixo-descontinuo que se veñen a engadir ás 1.500 prazas destas características xa existentes na actualidade. Nunha clara aposta pola profesionalización, o dispositivo pasa a ter máis de 2.400 persoas empregadas con carácter fixo nos labores de extinción. Este cadro de persoal verase incrementado ata ampliar o dispositivo humano garantindo o mesmo número de xornadas efectivas nos labores de loita contra incendios e preservando totalmente o servizo e a presenza de medios materiais e humanos nos montes galegos con base na aplicación do actual réxime laboral.

Entre os axustes introducidos para mellorar o operativo destaca o estudo de colocación de cámaras térmicas para a vixilancia e detección de lumes. Así mesmo, cabe salientar o incremento en 3,4 millóns de euros máis nos labores de prevención.

Como obxectivo xeral do Pladiga 2012, mantense o de reducir ao mínimo posible os danos ecolóxicos, económicos e sociais producidos polos lumes forestais, dentro dos recursos dispoñibles. Así mesmo, permanecen os fins complementarios establecidos o ano pasado, que se centran en non superar a media de 3 hectáreas de superficie afectada por lume e, en canto ao tamaño dos incendios, manter o número dos maiores de 25 hectáreas por baixo do 2% do total e a porcentaxe daqueles menores de 1 hectárea por riba do 70% do total. Mantense, ademais, o obxectivo concreto de reducir o número de lumes e a superficie queimada total con respecto da media dos últimos dez exercicios.

No documento aprobado hoxe polo Consello planifícanse diferentes actuacións concretas para o logro dos obxectivos marcados. Neste sentido, algunhas das novidades deste ano son por exemplo a posibilidade de asinar convenios de colaboración para a defensa contra os lumes forestais con entidades como a Federación Galega de Caza. Prevese tamén a realización de cursos *on line* para a mellora da cualificación do persoal ou un plan de divulgación en centros de ensino de primaria e secundaria, entre outras medidas.

A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á ORDE QUE PERMITIRÁ AFORRAR ESPAZO NOS XULGADOS, FACILITAR O ACCESO Á DOCUMENTACIÓN E CONSERVAR O PATRIMONIO GALEGO

- *A norma determina o inicio das actividades dos arquivos xudiciais territoriais e da Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial de Galicia e aproba as normas e modelos de transferencia de documentación xudicial*

O Consello da Xunta de hoxe deu luz verde á orde que determina o inicio das actividades dos arquivos xudiciais territoriais e da Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial de Galicia. Con esta iniciativa permitirase un acceso máis fácil e áxil á información almacenada, unha adecuada conservación daqueles documentos que polo seu valor histórico, cultural ou social merecen formar parte do patrimonio de Galicia e un importante aforro de espazo.

Segundo aparece recollido na orde, o inicio das actividades dos arquivos xudiciais territoriais e da Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial de Galicia comezarán ao día seguinte da designación dos responsables dos arquivos xudiciais territoriais e dos membros da Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial de Galicia, o que se producirá no prazo máximo de dous meses desde a publicación da orde.

Ademais, no documento que hoxe tivo o visto e prace no Consello, apróbanse os modelos oficiais para a remisión de documentación xudicial desde o arquivo xudicial de xestión aos arquivos xudiciais territoriais; para as relacións documentais que se remitan desde os arquivos xudiciais de xestión ou territoriais á Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial de Galicia, así como os destinados ás relacións documentais que se remitan desde o arquivo xudicial territorial ou de xestión, co obxecto de que este último informe do transcurso dos prazos legais de prescrición ou caducidade.

Funcións dos arquivos e da Xunta de Expurgación

O terceiro aspecto obxecto da orde é a compilación das principais funcións dos arquivos xudiciais de xestión e territoriais e da Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial de Galicia, reguladas na lexislación autonómica.

Así, os arquivos xudiciais de xestión ordenan, conservan e custodian a documentación xudicial ata a súa remisión aos arquivos xudiciais territoriais ou traslado para a súa conservación, alleamento ou recuperación, de conformidade coa decisión da Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial de Galicia.

Os arquivos xudiciais territoriais ordenan, conservan e custodian a documentación que lles remiten os arquivos xudiciais de xestión das súas respectivas provincias. Deben, así mesmo, elevar á Xunta de Expurgación, polo menos unha vez ao ano, as relacións de

expedientes xudiciais dos que se confirmou a prescrición ou caducidade, para que esta decida sobre o seu posterior destino.

Por último, a Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial de Galicia acorda a transferencia á Administración competente en materia de patrimonio histórico daqueles expedientes ou documentos xudiciais que deban ser preservados por causa do seu interese histórico-documental. En caso contrario, a Xunta resolverá a súa exclusión do patrimonio histórico e posterior alleamento.

O CONSELLO DA XUNTA APROBOU HOXE O PLAN ESPECIAL DE INSPECCIÓN TURÍSTICA PARA A CAMPAÑA DE VERÁN 2012

- *Este é o segundo ano consecutivo que a Secretaría Xeral para o Turismo pon en marcha este plan que ten como obxectivo fundamental protexer os empresarios e os usuarios turísticos do intrusismo profesional*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan Especial de Inspección Turística para o verán que a Secretaría xeral para o Turismo poñerá en marcha por segundo ano consecutivo e que ten por obxectivo identificar establecementos ilegais e establecementos legais con prazas ilegais, así como revisar os acampamentos turísticos, a publicidade enganosa, os prezos e a oferta de restauración.

No tocante a este último aspecto, a inspección especial da oferta de restauración constitúe unha novidade neste plan de 2012 en relación co executado en 2011. O obxectivo desta novidade é levar a cabo un especial seguimento da publicidade no tocante á oferta de restauración prestada por bares, cafeterías e restaurantes así como daqueles establecementos que, clandestinamente, presten unha oferta de restauración sen estar clasificados nalgunha das categorías de bares, cafeterías ou restaurantes.

En relación coas zonas de actuación preferentes por provincias no plan detállanse os concellos da Costa da Morte e da Mariña Lucense; engádesse tamén este ano a provincia de Ourense e na provincia de Pontevedra establécense tres zonas: a Ría de Arousa, A Ría e as Terras de Pontevedra e a Ría de Vigo e Baixo Miño.

A campaña de verán para a que se redactou este plan estenderase desde o 1 de xullo ata o 30 de setembro de 2012.

Plan de Inspección 2012

O Plan Especial de Inspección Turística para o verán enmárcase no Plan de Inspección 2012, que ten como finalidade a mellora da calidade de prestación dos servizos turísticos de Galicia a través do asesoramento e control da actuación empresarial. O cumprimento do Plan de Inspección 2011 redundou nunha mellora da produtividade da inspección turística. A actividade inspectora deu un balance positivo. Tramitáronse un total de 9.041 expedientes, fronte aos 7.641 de 2010, o que implica un incremento do 18%. O eixo central deste plan é adecuar a clasificación dos establecementos turísticos á realidade normativa despois da aprobación da Lei 7/2011, do 25 de outubro de 2011, do turismo de Galicia. O documento define para cada tipoloxía de establecemento aqueles aspectos sobre os que o corpo de inspección prestará especial atención no desempeño da súa competencia así como o momento temporal e o ámbito xeográfico para facelo. Préstase especial atención ás zonas máis turísticas como os concellos de

litoral, o Camiño de Santiago e as grandes cidades, adecuando a modalidade turística ao ámbito xeográfico.

A XUNTA AVANZA NA TRAMITACIÓN DA EXPLOTACIÓN DE OURO NA MINA DE CORCOESTO COMO O PRIMEIRO PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO

- *A atracción de investimentos empresariais e a creación de emprego en Galicia é o obxectivo da Lei de política industrial deseñada por Economía e Industria*
- *A Consellería informa o Consello da Xunta sobre a tramitación deste proxecto que podería estar rematado a finais deste ano*
- *Na tramitación terase moi en conta a protección da contorna e a análise rigorosa da sustentabilidade tanto económica como ambiental*

A Consellería de Economía e Industria informou hoxe o Consello da Xunta sobre a tramitación do proxecto para a explotación da mina de ouro de Corcoesto, como o primeiro proxecto industrial estratéxico que se tramita en Galicia, ao abeiro da nova Lei reguladora da política industrial de Galicia, orientada a facilitar a implantación de proxectos que supoñan a atracción de grandes investimentos e unha extraordinaria xeración de emprego en Galicia.

A tramitación da explotación desta mina, localizada nos termos municipais de Cabana de Bergantiños, Coristanco e Ponteceso, como proxecto industrial estratéxico débese á magnitude do proxecto que, no caso de ser aprobado, poderá supor un investimento superior aos 110 millóns de euros e a xeración de 271 postos de traballo directos e 1.100 indirectos, nuns concellos en que urxe favorecer a reactivación do emprego.

O proxecto depende de Edgewater Exploration ITD, compañía canadense que cotiza na Bolsa de Toronto, e está a ser valorado tamén pola capacidade da compañía para ocupar parte do solo industrial libre nestes concellos e de atraer unha intensa actividade de industria auxiliar á zona.

Neste proceso terase moi en conta a protección da contorna, e a análise rigorosa da sustentabilidade tanto económica como ambiental desta iniciativa empresarial. Esta solicitude estase a tramitar de conformidade coa Lei de ordenación da minería de Galicia, a Lei de política industrial e o indicado pola Consellería de Medio Ambiente e Infraestruturas, un procedemento que podería rematar a finais deste ano.

Deste xeito, a Xunta de Galicia continúa a desenvolver a súa estratexia de apoio decidido á minería galega como un dos sectores estratéxicos para a economía da Comunidade, que debe manter unha aposta decidida pola competitividade no mercado nacional e internacional.

O SERGAS ADXUDICA POR UN IMPORTE DE 49,7 MILLÓNS DE EUROS O PLAN INTEGRAL DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DO C.H. UNIVERSITARIO DE SANTIAGO

- *Grazas a esta medida, o aforro estimado para os vindeiros 8 anos sitúase ao redor dos 26 millóns de euros*
- *As próximas licitacións de plans de eficiencia enerxética que o Sergas ten previsto levar a cabo son os dos hospitais de Ferrol, Monforte de Lemos, Verín, A Barbanza e Calde (Lugo)*

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe abordou un informe da Consellería de Sanidade sobre a proposta de adxudicación do expediente para a contratación da subministración enerxética prestacional e do servizo de mantemento e conservación de edificios, instalacións e equipamentos, do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS).

Trátase da primeira adxudicación do Plan de Eficiencia Enerxética que o Sergas vai poñer en marcha no conxunto dos seus hospitais. Así, esta é a primeira vez que se leva a cabo nun servizo de saúde en España un plan destas características, que afronta a situación de forma integral para todos os seus complexos hospitalarios, e que será, polo tanto, o de maior volume. Isto fai a Galicia pioneira, unha vez máis, na adopción de medidas responsables e necesarias para garantir a sustentabilidade do sistema sanitario público. O plan permitirá manter a mesma calidade nos servizos optimizando recursos económicos e protexendo o ambiente.

A proposta de adxudicación do Plan Integral de Eficiencia Enerxética do CHUS é por un importe de 49.786.923, para un período de 8 anos, e o adxudicatario é a unión temporal de empresas formada por CLECE, S.A. e GAS Natural Servizos, S.A.

O importe total da proposta de adxudicación do contrato (49,7 millóns) supón un aforro en relación co prezo de licitación do case un 10% (importe licitación 54,9 millóns). Ademais, o adxudicatario garante tamén un aforro enerxético superior ao 25%.

Xunto con todo o anterior, o aforro económico que se conseguirá coa implantación deste plan de eficiencia enerxética é dun 37,65% sobre o gasto actual. Isto supón que o Servizo Galego de Saúde aforrará nestes 8 anos, grazas a esta medida, ao redor de 26 millóns de euros.

Investimentos adicionais

Grazas a esta iniciativa do departamento que dirixe Rocío Mosquera, a adxudicación deste plan supón unha serie de investimentos adicionais entre os que hai que sinalar a renovación total da iluminación interior nos catro hospitais do CHUS; a renovación total

do sistema de caldeiras do Hospital Gil Casares e do Hospital Psiquiátrico e Médico Cirúrxico de Conxo; a implantación dun sistema de cooxeración e acumulación térmica no Hospital Clínico; a implantación dun sistema de monitorización enerxética integral nos 4 hospitais do CHUS; a implantación de dous puntos de recarga de vehículos eléctricos no Hospital Clínico e no H. Médico Cirúrxico de Conxo, e, ademais, a implantación de sistemas de aforro de auga.

Principais vantaxes

As principais vantaxes da licitación deste plan son, pois, a integración nun único contrato da xestión da subministración enerxética prestacional e do servizo de mantemento. Ademais, permite afrontar as actuacións de melloras e renovación das instalacións que sexan necesarias.

Xunto co anteriormente sinalado, grazas a esta iniciativa contribúese á sustentabilidade do sistema sanitario público galego, reducindo o custo da subministración enerxética. Así mesmo, promóvese o respecto ao ambiente mediante actuacións de eficiencia na xestión enerxética e garántese o confort e a habitabilidade das instalacións sanitarias aos usuarios e profesionais.

As próximas licitacións de plans de eficiencia enerxética que o Sergas ten previsto levar a cabo son os dos hospitais de Ferrol, Monforte de Lemos, Verín, A Barbanza, e Calde (Lugo).